# O Tinteiro de Papirus

## O C E I P A PEDRA adéntrase noutras culturas

Este curso no centro aproveitamos a visita de Kerryn Wood, unha rapaza neozelandesa, para realizar cos nenos e nenas de 4 anos un proxecto sobre Nova Zelanda, co que aprendemos unha morea de cousas: onde está, que se come, que lingua se fala, a moeda utilizada, os deportes que practican, a súa fermosa paisaxe, etc.

No cole de Primaria tamén tivemos a oportunidade de coñecer a Kerryn, coa que poidemos charlar na biblioteca e preguntarlle curiosidades sobre Nova Zelanda. O departamento de inglés asemade aproveitou a súa presenza para practicar o inglés cos nenos e nenas do 3º ciclo.

Pola súa parte, Kerryn disfrutou da súa estadía en Bueu e do agarimo dos rapaces e rapazas, entre os que causou verdadeira expectación.

Nós agradecémoslle todo o aprendido sobre o seu país de orixe e dende aquí a invitamos a que volte cando queira!



Kerryn cos nenos e nenas de 4 anos

## Papirus forma usuarios de biblioteca

Papirus

Neste curso a biblioteca do centro ten como obxectivo formar aos seus alumnos e alumnas a empregar axeitadamente os recursos da biblioteca do centro e así sacarlle o máximo proveito. Nela poden atopar libros de lectura, de consulta, de curiosidades... e tamén poden investigar sobre temas diversos e de propio interese empregando as novas tecnoloxías... Tamén podedes acceder ao catálogo da nosa biblioteca a través da páxina web do colexio pinchando en biblioteca ou Papirus e despois, en rede de bibliotecas escolares; alí atoparán todas as novidades e moita máis información.



Traballando na biblioteca

## O mar motivo de aprendizaxe

Un ano máis o colexio A Pedra segue investigando sobre o noso entorno, as nosos costumes, a nosa historia..., somos moi curiosos e queremos sabelo todo sobre o que nos rodea. Por iso, pareceunos que por ser Bueu unha vila mariñeira, o tema do mar e a súa cultura debía ser o primeiro en coñecerse. O ano pasado buscamos información sobre embarcacións típicas , artes e aparellos de pesca, cancións mariñeiras... e grazas á axuda e colaboración de toda a comunidade educativa elaboramos 3 libros con esta información que xa forman parte da nosa biblioteca.

Este ano queremos seguir por este camiño e imos adicarnos a investigar sobre as formas que tiña a xente mariñeira, ao longo do tempo, de conservar os produtos do mar.

Coma sempre contamos con todos vós para chegar máis a fondo nesta historia e agardamos a vosa participación .

EDITORIAL:
Papirus plantéxase novos retos.
Páxina 2

TESOUROS DA PEDRA:
O gustiño das tradicións e consellos de Papirus.
Páxina 3-6

O NOSO LABOR:
Os traballos do noso alumnado dende o punto de vista formativo.
Páxina 6-10

OPINIÓN:
O alumnado opina
Páxina 11

SABIAS QUE?
Curiosidades manifestadas polo alumnado.
Páxina 14-16

DEPORTES:
Participación dos de 6º en Deporte na escola.
Páxina 17

PASATEMPOS
Páxina 19

# Papirus plantéxase novos retos

Ola nenos e nenas:
Xa estou aquí de novo e desta volta, traiovos moitas novidades porque neste curso xa levamos traballado moito.
Co gallo da celebración do DÍA INTERNACIONAL DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES e do MEU ANIVERSARIO, o 24 de outubro, xogamos co RETO DE PAPIRUS. Que ben o pasamos! Eu divertínme moitísimo véndovos buscar nos andeis os libros nos que tiñades que atopar as respostas ás miñas preguntas.

Foi unha semana fantástica porque todos os días chegabades á biblioteca cheos de ilusión e de ganas de pasalo ben aprendendo.
E non foi só iso senón que ademais os nenos de Infantil déronme unha magnífica sorpresa: trouxéronme moitos agasallos, cantáronme *parabens para ti* e fixéronme moi feliz. Eu tamén quixen sorprendelos cun soboroso chupa chups e un marcapáxinas.
Foi tan emocionante ...!!!



Descubren novas co reto plantexado por Papirus

# Moito traballo na biblioteca de A Pedra

Entrevista exclusiva ás axudantes de Papirus!!!!
Debido ao exceso de traballo e á cantidade de ávidos lectores que me visitan, este ano vinme na necesidade de pedir axuda aos máis maiores do cole. Así, conseguín formar un equipo de colaboradores moi xeitoso que nos van contar un pouco en que consiste o seu labor e o que opinan ao respecto.
Porque vos animastes a colaborar na biblioteca?
Porque queriamos axudar a Papirus para que a biblioteca estivese ordenada e limpa e coma unha nova experiencia.
Cal é o voso traballo durante o recreo?
Colaboramos nos empréstitos, na colocación dos libros nos andeis e mantemento da orde.
Que cambiariades ou melloraríades da biblioteca?
Gustaríanos que os libros estivesen ordenados por coleccións e non alfabéticamente, xa que ninguén cumpre esta norma. Os nenos e nenas deberían intentar colocar mellor os contos que collen, pois ás veces quedan fóra de sitio.
Tamén estaría ben que houbese máis sillóns.



Axudantes de biblioteca

# Sorpréndenos Papirus coas exposicións de libros

Durante as vacacións do verán, Papirus viaxou moito e leu tantos libros, que coas súas recomendacións, enchemos a biblioteca de novidades. Están expostas dentro da biblioteca baixo o lema "NO FONDO DO MAR HAI MOITO QUE LER".
Ademáis desta exposición no 1º trimestre tamén tivemos á vosa disposición as coleccións da autora Enid Blyton:"Los cinco", "los 7 secretos," e "Misterio", que vos pareceron moi interesantes. Moitos de vós levástelos emprestados e aínda os podedes seguir lendo, porque como clásicos que



Andel coa exposición de Los cinco

son, xa teñen un lugar especial nos andeis da nosa biblioteca...
Neste intre, coa visita ao centro de Gonzalo Moure, o 26 de febreiro, temos expostos todos os libros dos que dispoñemos na biblioteca. Cada curso ou ciclo está traballando na súa aula un libro deste autor, de forma dirixida, coa fin de soñar un anaquiño coas súas historias e aventuras: "Nacho Chichones", "El oso que leía niños", "Palabra de Caramelo", "Los Caballos de mi tío" e "La noche del Risón".
Por outra banda, tamén se atopan expostos algúns libros do escritor e poeta galego Antonio García Teijeiro que nos visitará alá polas letras galegas e despertará en nós o gusto pola poesía:
"Ventos" "Honorato un rato namorado" "Caderno de fume" "Na foguira dos versos" e " Os nosos Versos.

# A PAPIRUS GÚSTANLLE AS TRADICIÓNS

Papirus

Coa chegada do outono festexamos o SAMAÍN. Que medo daban as cabazas que, coma todos os anos, se expuxeron na entrada do noso cole! Xa dicía eu que erades uns verdadeiros artistas. Había de todos os tamaños e formas: un bebé, unha viúva, algunhas con anteollos, unha de pirata, ... Inventamos historias e contos de medo, debuxamos cabazas, bruxas e curuxas, contamos *noites de trebón* en vellos e mouros castelos. E o venres 31 marchamos para a casa unha careta de cabaza para levar para a casa.



Exposición de caveiras na entrada do centro



Na biblioteca fixemos unha exposición con libros de medo, e as historias que se escribiron nas aulas foron verdadeiramente terroríficas...con humor, ironía e bonitas ilustracións. Alicia de 4º B escribiu este pequeño relato.

" A SOMBRA DO LAGO ".

*Era unha nena que ía para a casa da súa amiga, preto da casa había un lago. No lago apareceu unha sombra. A nena mirouna e comenzou a correr ata chegar onde a súa amiga .*

*A súa amiga díxolle, que só era a noite e a lúa chea . que non se asustara que era a sombra dunha árbore antiga que está a beira do lago.*

*A Bruxa e o Castelo*

*Había unha vez unha guapa bruxa que vivía nun castelo máxico nun bosque encantado.*

*Todos os días voaba polo bosque coa súa vasoira máxica, facía pocións e fabricaba relámpagos. Pasabao moi ben.*

*Un día a bruxa invitou aos amigos do bosque ao seu castelo, a todos menos ao vampiro.*

*O vampiro apareceu de noite e comeu os amigos da bruxa.*

*A bruxa fabricou unha poción e ao vampiro convertíuno en auga. Todos os amigos da bruxa quedaron contentos e xuntos celebraron a festa do Samaín.*

1ºA



A bruxa e o castelo Icía 1º A



Magosto na clase con caretas

O martes 4 de novembro tiñamos que celebrar o magosto cos xa tradicionais xogos populares, pero debido á chuvia, que este ano non nos quere deixar, non puidemos saír ao patio. Así que, tivemos que conformarnos con comer as castañas, uns días despois no recreo, e grazas a Ramón que as asou nun intre no que deixou de chover.

Nas aulas buscamos información e redactamos textos relacionados con esta época de festa.

## Seguide as pautas para encher o caderno de lectura PAPIRUS

Xa todos sabedes que o que máis me gusta no mundo é a lectura. Os libros vólvenme tolo! A comezo deste curso, pensando en animarvos, deseñei un Caderno de Lectura que todos soubestes utilizar. Dende aquela, moitos e moitas de vós xa o rematastes. Nestes días estívenos revisando e teño que felicitarvos porque xa vexo que tomades en serio a vosa afección pola lectura. Noraboa!

Agora quérovos facer unhas pequenas recomendacións coa fin de que o cubrades un pouco mellor:

Escribide con bolígrafo, facede boa letra e procurade non ter faltas de ortografía.

Tratade de non facer tachóns e non usades o "tippex".

Escribide en galego ou en castelán, pero non mesturedes as dúas linguas nunha mesma oración.

Intentade expresar a vosa opinión empregando distintos comezos:

Creo que é un libro moi ...

O mellor deste libro foi cando ...

Os protagonistas son uns nenos/nenas que ...Con este libro aprendín que ...

Espero que vos sirvan para conseguir o primeiro dos tres diplomas que xa algún compañeiro/a obtivo. Aí van os seus nomes:

Laura Piñeiro Ferradás 5ºA
Juan Santos Grandal 5ºB
Abel Gómez Cabaleiro 6ºA
Digna Gutierrez Juncal 6ºA
Antía Otero Durán 6ºA
Paula Pastoriza Montero 4ºA
Nuria Villar Iglesias 6ºB
Irene Curra Piñeiro 4ºA
Denis Santos Dopazo 5ºB
Samuel Iglesias Vilas 5ºB
Alejandro Ogando Cortés 5ºB
Ángela Domínguez Arcos 5ºA
Xiana Rey Piedras 2ºB
Ángel Novas Otero 5ºA
Johanna Pazos López 4º B
Lara Fernández 5ºA



# UNHA RELACIÓN MOI ENTRAÑABLE

**Dedicarlle dentro do horario escolar un tempo á lectura de maneira rutinaria está dando uns resultados moi positivos.**

Os neno@s de 3º do CEIP A Pedra manteñen unha relación moi especial coa lectura. Cada día antes de saíren ao recreo deixan preparado o libro. Ao volveren do patio e sen mediar palabra séntanse e sen perder o tempo comezan a ler. Algo tan sinxelo e que en aparencia non debería ser tan especial, convertiuse nun momento moi agradable para eles e que non perdoan baixo ningún pretexto. Esta sesión tenta durar media hora escasa e ao término da mesma, a profe fai a lectura dun capítulo dun libro. Así xa escoitaron a lectura de varios libros, como algún da serie de Junie B. Jones ( convertiuse por certo nun "best seller", pois agotáronse na biblioteca, e foi o libro máis pedido polo Nadal), A noite dos Animais, Ou El Pirata Garrapata. Mais, sen dúbida algunha, o libro que máis éxito tivo foi "No Corazón do Bosque". As aventuras do trasno Derdrín mantiveron a mente dos pequen@s sempre alerta. Cando remataba o capítulo o cotío había un marmurio de decepción, pois sempre querían máis. O remataren o libro decidiron facer un traballo plástico, consistente na elaboración dun cómic, do que vos deixan constancia nesta páxina.

Algún dos libros lidos nestas sesións son os seguintes:

Na fogueira dos versos. Cóntanos Uxío que é este un bonito libro de poemas, que podedes encontrar, na biblioteca do cole, ou pedirllo aos vosos pais cando esteades de cumple.

Alicia, Aarón, Alba, Nerea G. e Nerea P. son fanátic@s de todos os libros de Junie B. Jones. Xa leron varios dos títulos e todos coinciden ao decir que son moi divertidos e que se ríen moito coas trastadas, desta pequena nena. Se os queredes ler están na biblioteca do cole, na sección vermella. Tamén o podedes pedir se vos portades ben aos vosos pais.

A Dani e a Raúl encantoulles El Pirata Garrapata en África e xa están desexando ler outros libros desta colección.

Camp rock foi o libro preferido de Lara e Vero. Cóntannos que é a versión novelada da película do mesmo título.

A Diego e a Sabela foi No corazón do Bosque o libro que máis lle chegou ao seu




O cómic elaborado por Dani de 3ºA.

corazón.

O libro que máis lle gustou a Alejandra foi ¿Quién ha secuestrado a Mimí? Di Alejandra que este foi o seu elexido porque é moi triste.

Amanda o ten claro, ela prefire os libros de Kika Superbruxa. Na aula leu Kika Superbruxa e a Maxia do Circo,, pero entre os que colleu na biblioteca do cole e os que ten na casa xa leva lidos un montón.

Raquel opina o mesmo que Amanda e lle encantou Kika Superbruxa e os Piratas. Ademais coméntanos que esta serie de libros a podedes ler en castelán ou en galego.

Yarai únese tamén o clube de Kika e para ela o preferido de todos é Kika Superbruxa e o dinosaurio salvaxe.

A Jairo e a Emma lles gustan os libros de Katie Kazoo pois lle divirten moito. Ambos leron Katie Kazoo La Guerra del Comedor

Laura di que lle encantou O Misterio dos Fillos de Lúa de Fina Casalderrey pois é distinto a todos os libros que leu ata o de agora. Cóntanos Laura que dende que leu este libro sempre busca na biblioteca outros libros desta autora.

# PAPIRUS PRESENTA A SÚAS NOVIDADES

Non sei vós, pero eu non dou lido tanta novidade como temos este curso. Cantos libros novos! Que interesantes! aquí van algunhas suxerencias:

*PRIMEROS LECTORES*

Col. BICHITOS CURIOSOS.
Antoon Kings.Ed.Blume



BERTIÑO ROMPETODO.
Ramón Caride. Ed.Xerais.

ERNESTO BO DÍA.
José Campanari. Ed OQO

O PIRATA PATA DE LATA.
Oli e Ramón Trigo. Ed Kalandraka.

GARVANCIÑO.
Olalla González .Ed Kalandraka.

SOPA DE RATO.
Arnold Lobel. Ed. Kalandraka.

*LECTORES AUTÓNOMOS*

Col. JUNIE B. JONES.
Bárbara Park. Ed. Bruño.

LA GRAN BIBLIOTECA DE LAS TRES MELLIZAS con DVD´s.

A BONECA E A CASTAÑEIRA.
Roberto Aliaga. Ed. OQO.

LOS TRES MOSQUETEROS.
Comic. Ed. Disney.

COMO ESCRIBIR REALMENTE MAL. Anne Fine.Ed. SM.

*LECTORES EXPERTOS*




LÍA E AS ZAPATILLAS DE DEPORTE.
María Reimóndez.Ed. Xerais.

DOS LÁGRIMAS POR MÁQUINA.
Fina Casalderrey. Ed. Anaya.

XENARO E O MISTERIO DA MOCHILA ERDE.Mar Guerra. Ed. Xerais.

A LAGOA DAS NENAS MUDAS.
Fina Casalderrey. Ed. Xerais.

Espero que vos gusten

Tamén temos DVD's novos. Xa coñecedes a colección MAGIC ENGLISH. Agora si que imos aprender inglés dunha maneira moi divertida.

# Descubrimos o mundo da arte

## César Baldaccini

*Alejandro e Denis 5º B*



Nato de pais italianos en Marsella en 1921, César faleceu en 1998 deixando un conxunto de obras caracterizadas pola súa modernidade. Traballou distintos materiais e usou diversas técnicas

**Xeso** e ferro dende 1947. En 1952 praticou a soldadura realizando as súas esculturas de chatarra que expuso na galería Lucien Duran de París en 1954. A sua vez, cos primeiros espidos, a comezos dos sesenta compuso as suas primeiras "comprensions" esculturas cúbicas feitas con carrocerías de automóbiles comprimidas por medios mecánicos, recuperación de chatarra coa axuda dunha poderosa prensa hidráulica, capaz de reducir un automóbil enteiro a un compacto poliedro.

En 1965 presentou unha escultura chamada "Pulgar". Descubriu o poliuretano, un material que lle permitiu realizar obras que el denominou "Expansións".

*César dixo*: "tódolos materiais son materiais de escultor. Non me parece que haxa límites na elección dos materiais. É unha cuestion de liberdade, sensibilidade e unha cuestion de paixón... Eu fago amor coa materia".

Rechazou un premio a favor de Jean-Piene Rayhand.

No Museo Nacional das Artes Visuais, exíbese mais de cen obras de tódolos periodos da traxectoria de Cesar Baldaccini.

## COÑECEMOS O GUERNICA

*Alumnos de 6º*

Pintado tralo bombardeo da cidade, este cadro converteuse nun dos máis famosos do seu autor, Pablo Picasso, pola visión que aportaba do sufrimento.

En 1937, o goberno encárgalle a Picasso un cadro. Este, iría destinado ao pavillón español da Exposición Internacional de París. No transcurso do encargo, a localidade de Guernica sofre o bombardeo da Luftwafe alemá.

Este cadro é unha pintura de estilo cubista realizada en branco e negro. Vemos unha serie de personaxes, humanos e animais, sufrindo: arden, están en cachos ou feridos por unha lanza. Vemos un touro, un cabalo, un guerreiro, un home, mulleres, un bebé e un paxaro. En canto ao escenario, non está moi claro; ainda que parece unha casa.

A obra mide 349.3 cm x 776.6 cm e está actualmente exposto no museo Reina Sofía de Madrid.

**O autor**

Pablo Ruiz Picasso nace en Málaga, o 25 de outubro de 1881 e morre en Francia, o 8 abril de 1973 con 91 anos. Foi un dos precursores do movemento cubista. O cubismo é unha forma de expression que usa as formas xeométricas.

**CURIOSIDADES:**

- Guernica é unha pequena cidade de Biscaia, na comunidade autónoma do País Vasco.
- Este cadro está no noso país dende 1978 dado que Picasso decidiu, daquelas, que o cadro non se expoñería en España mentres houbese unha dictadura. Durante ese tempo, o Guernica estivo en Nova Iorke.
- O nome completo do pintor era Pablo Diego José Francisco de Paula Juan Nepomuceno María de los Remedios Cipriano de la Santísima Trinidad Mártir Patricio Clito Ruiz y Picasso.

**INVESTIGA UN POUCO MÁIS...**

Algunha vez te paraches a pensar como Picasso *pintou o Guernica*?, cal foi o primeiro elemento da obra?, como se inspirou?, como lle deu forma?, ... **Esta páxina resolverache algunha destas incógnitas.**

www.youtube.com/watch?v=JMf5Ff4BK0U



Mural do Guernica elaborado polos nenos e nenas de 6º

# Un conto en verso



Papá Noel decorando as ventás das aulas do 2º ciclo

Co gallo do Nadal, @s nen@s de 3º B inventamos divertidas historias sobre apuros que pasa Papá Noel para facer realidade os desexos d@s que agardan os seus agasallos.

### OS APUROS DE PAPÁ NOEL

Un día de Noiteboa
ergueuse Papá Noel,
mirou o reloxo asustado:
Miña nai, que tarde é!

Quixo erguerse da cama,
lixeiro coma papel,
enredouse coas mantas,
esparrouse coma un tonel.

Conseguiu desenredarse.
No vestidor quixo coller
a roupa do uniforme
para traballar no taller.

Entrou no cuarto un elfo
con cartas para Noel.
Pechou a pota do armario,
pois non había ninguén.

Mais o elfo estaba errado,
porque si que había alguén.
Pechado dentro do armario,
deixou a Papá Noel.

O pobre ancián decatouse
de que tiña que resolver
o problema que suporía
non cumprir co seu deber:

Repartir os agasallos
@s nen@s que se portan ben
que ilusionad@s esperan
A chegada de Papá Noel!

Usando a telepatía,
Chamou á maga Caravel
que o axudou a saír do apuro,
salvando a reputación del.

# Quentamos motores coa primeira andaina!

Cada vez que iniciamos un novo curso, o noso pensamento énchese de boas e curiosas ideas...

Que guai, de novo os amigos, os recreos, os cumples...¡Pero vaiche boa! Ter que erguerse cedo, cumplir as normas, e logo aínda enriba ter que na clase traballar e traballar, e aguantar aos profes... - ¡vaia roio!, día tras día na escola.

Pero o tempo pásache pronto, parece que foi onte setembro e xa rematou o primeiro trimestre, e se nos poñemos a pensar paseniñamente os nenos e nenas de 1º e 2º aprendémosche moitas cousas. Non só dentro das clases senon tamén fóra realizando actividades diferentes e interesantes. - " Eche outra maneira de aprender ".

O día 28 de outubro fomos ver unha obra de teatro "Flis, Flis, Ris, Flas " no Centro Social do Mar de Bueu, grazas a Editorial Galaxia, foi unha obra divertida e disfrutamos moito con ela, xa que nos fixo soñar cunha viaxe no fondo do mar.



Debuxo de Martiño.

- ¡Que ben o pasamos!. De volta ao cole e co noso agasallo na man íamos cantando o retrouxo da canción:

" Que chulo, que chulo,
durmir e soñar,
que chulo, que chulo,
no fondo do mar. "

Tamén nos gustou moito o día en que viñeron os chicos e chicas de "Ciencia divertida", aprendemos cousas importantes para a nosa vida, por medio de expe



Alumna se 1º experimentando coa ciencia

rimentos. Os nenos e nenas de 1º comprobamos os peligros que pode haber dentro das nosas casas. Fixemos un experimento e vimos como a unha nena se lle puxeron os "pelos de punta" por meter " un pelín " un dedo nun enchufe.

Os de 2º fomos a outro taller "Hixiene na alimentación" donde aprendemos o importante que é ter bos hábitos a hora de sentarnos a xantar, lavar as mans antes de comer, lavar os dentes...

Un día moi especial foi o 12 de decembro, era venres e todos estábamos nerviosos e expectantes. As nosas profes e os nosos profes xa nos explicaron que íamos facer algo diferente, tiñamos que decorar o colexio para as festes do Nodal. Foi xenial!!!. Cada 45 minutos íamonos rotando e cambiando de actividade. Fixemos un Belén de plastilina con moitas e variadas figuras, estaba precioso, colocámolo ao subir, nas escaleiras do noso corredor e así cada vez que pasábamos por alí parábamos a miralo. - ¡Ah, esquecíame! Neste obradoiro de plastili-



Os nenos e nenas ensinando as súas creacións dos talleres de nadal.

na viñéronnos a axudar algunhas mamás de 1º e de 2º curso.

Coa profe Loli fixemos unha postal de Nadal sinxela pero moi bonita, cada neno fixo a súa, logo levámola para a nosa casa a modo de felicitación.

Non todo foi adornar e decorar, tamén tivemos que cantar e mover o esquelete



Alumnos e alumnas de 1º ciclo no obradoiro de nadal

no obradoiro musical da profe Lina, onde tivemos que reconocer os sons de diferentes instrumentos musicais, escoitar un conto, bailar e cantar unha panxoliña.

A cargo da profe Ana, unha novidade para nós: Recortamos, pintamos e decoramos con espuma. - ¡Que interesante- O resultado foron simpáticos adornos de Nadal: compás, estrelas, bolas elaboradas cun material de textura diferente e coloreadas cunhas ceras especias. ¡Que bonitas quedaron colgadas no noso corredor! Nas vacacións de Nadal levámolas para a casa para poñer na nosa árbore.

¡Que rápido pasou o tempo!... porque sen darnos conta xa estábamos no festival de Nadal, fixémolo o 19 de decembro. Participamos todo o cole con diferentes espectáculos: cancións, poemas, teatro, bailes, etc. Os nenos de 1º abrimos o festival cunha panxoliña en inglés, os de 1º A recitámoslle un poema aos meses do ano que ilustramos con bonitos debuxos.

Os de 2º A fixemos "A danza da serra", imitamos o son da serra e íamos vestidos unha fila de azul e outra de vermello. ¡Pasámolo moi ben!

Os de 2º B escenificamos unha canción "Rodolfo o Reno", íamos moi guapos cunhas diademas verdes e vermellas e levábamos uns cornos de reno. O baile era moi divertido e acabámolo dicindo:

"E xa sabedes que nunca temos que discriminar a ninguén que sexa diferente a nós"

Acabamos ese día nas aulas facendo unha pequena festa, compartindo turrón, polvoróns e mazapáns para comenzar ben




Alumnos e alumnas de 2º no festival de nadal

os vacacións de Nadal.

E ata aquí as nosas andanzas deste primeiro trimestre.

"Días de escola diferentes para unha aprendizaxe diferente."



Jenni, Rafa e María aconséllanvos tomar moito leite.

# Xornada solidaria: un día especial

O xoves 22 de xaneiro, membros da asociación Solidaridade de Galicia viñeron ao colexio a dar unha charla sobre Senegal, da súa realidade, da súa cultura, dos seus costumes, …

A raíz desta actividade o equipo do 2º ciclo programou un proxecto sobre o desigual reparto da riqueza no mundo.

En cada aula do segundo ciclo selecionáronse vinte países: catro países ricos, seis en vías de desenvolvemento e dez pobres. A cada nen@ correspondeulle ao chou un país do que tiñan que buscar a información que a profesora lle solicitaba, utilizando distintos medios. Era moi importante que tiveran claro a situación do país no mundo.

A información obtida foi exposta aos seus compañeir@s ao longo da semana. Todos estes datos foron plasmados en murais.

Para rematar o proxecto, o Día da Paz celebrouse un banquete solidiario. O obxectivo era que os nen@s viviran na súas carnes a cruda realidade que outros rapaces teñen que vivir.

Preparáronse tres mesas:

- Mesa dos países pobres, formada por dez comensais na que só había un chusco de pan e auga.
- Mesa dos países emerxentes, na que había seis comensais. Había algo de comida e bebida, sen exceso.
- Mesa dos países ricos, na que só había catro comensais. Nesta mesa había abundancia de comida e bebida.

As mesas permaneceron cubertas ata que cada neno comprobaba, previa consulta ao taboleiro, en que mesa se debía sentar. As reacións dos alumn@s foron impresionantes, pasando dende a rabia, bágoas etc.

De este proxecto os nenos sacaron unha serie de conclusións:

- Que é inxusto que haxa tanta desigualdade entre os países ricos e os países pobres.
- Que todos as persoas, ricas ou pobres, teñen os mesmos dereitos: a vivir en paz, a alimentación necesaria, a medicamentos, a hospitais, a escola, a vivir nunha vivenda digna,a traballo pagado como corresponde.
- Que coas guerras sempre hai fame e que a fame tamén provoca guerras.

Que a paz e a guerra son antónimos, polo tanto, temos que procurar a Paz.




Os rapaces e rapazas de 3º mostrando o mural da xornada vivida.

# Pensamentos sobre a paz

Alumnado de 6º

O día da paz celébrase o 30 de xaneiro de cada ano dende 1948. Conmemora a morte de Gandhi.

Cando falamos de paz, temos tendencia a asocialo a determinados símbolos: unha pomba cunha rama de olivo e un círculo con catro liñas no seu interior.







NELSON MANDELA

Nace o 18 de xullo de 1918. Foi político, fundador e presidente en 1992 do congreso nacional africano. Recibiu o premio Príncipe de Asturias de cooperación internacional en 1992 e o premio Nobel da paz en 1993. Encarcerado por alta traición, tralа súa liberación, presidu a República de Sudáfrica durante 5 anos.

RIGOBERTA MENCHÚ



Esta activista guatemalteña de 50 anos loitou polos dereitos dos indíxenas e denunciou o réxime de discriminación do que son obxecto. Dende 1981 vive en México, exiliada polo seu goberno. Acadou o premio Nobel da paz en 1992. O 12 de febreiro de 2007 anunciou que postularía para a presidencia nas eleccións de Guatemal. A súa esperanza é ser a primeira muller en ocupar o cargo no seu país, sendo así a primeira indíxena en Latinoamérica.



MADRE TERESA DE CALCUTA

Nace en na cidade de Skopje, en Macedonia, nun caluroso mes de agosto. Esta muller desenvolveu unha gran parte da súa labor humanitaria na India. En contra da súa vontade, en 1979, outórgaselle o premio Nobel da paz. En outubro, foi beatificada.



MARTIN LUTHER KING

Político estadounidense nacido en Atlanta en 1929. Fillo de clérigo, fíxose pastor e protestante. Nas súas funcións relixiosas aprendeu a dirixirse ás multitudes cunha oratoria apaixonante, cousa que despois lle sería de moita utilidade. Influído por Gandhi e os métodos de loita pacifista e non violencia, intentou adaptar esa experiencia á loita da poboación negra para lograr a igualdade nos EUA. Nun viaxe á India queda impactado pola loita e polo recordo de Gandhi. O rechaza á violencia esixía unha gran valentía. Morreu asasinado tras varios atentados frustrados en 1968. En 1964, recibiría o premio Nobel da paz.



DALAI LAMA

O actual Dalai Lama chámase Tenzin Gyatso e nace en 1935 en Mongolia. Dalai Lama, que significa mestre espiritual, é o líder do budismo tibetano. Está fundamentada nos principios da non-violencia, a xentileza para todos os seres sensibles, paz, tolerancia e compasión. Este líder é vexetariano e promove que a xente o sexa. Nalgunhas das campañas que fixo para promovelo está o solicitar aos restaurantes de Dharamsala que se volveran vexetarianos, con resultados positivos, ou que unha cadea de comida rápida a base de polo non abrira establecimentos no Tibet. En 1989 foille outorgado o premio Nobel da paz.

QUE SON OS PREMIO NOBEL?

Os Premio Nobel, existentes dende 1901, outórganse cada ano a persoas que fagan investigacións sobresalientes, inventado técnicas ou equipamento revolucionario ou fagan contribucións notables á sociedade.

Existen cinco premios: o de física, química, literatura, medicina e o da paz. Os catro primeiros entréganse nunha ceremonia en Estocolmo; o último, en Oslo.

Os premios foron a última vontade de Alfred Nobel, inventor da dinamita e industrial sueco.

O último gañador do premio Nobel da paz foi Martti Ahtisaari, antigo presidente de Finlandia.



Queridos lectores: Este artigo non podía rematar sen unha reflexión poética sobre a paz.

" Porque hai guerra,
Podendo haber paz.

Porque hai violencia,
Podendo haber amor.

Porque matar,
Podendo querer."

Abel 6ºA




**Yi Zhang, alumna de 6ºB, obtivo un recoñecemento especial no concurso sobre a non violencia de xénero. 25 de novembro**

# Música Popular galega en directo

Alumnado de 4º A



O luns 12 de Xaneiro os nenos e nenas do 2º Ciclo do Colexio A Pedra fomos a Pontevedra a ver a obra musical "Música Popular Galega", no Centro Social Caixanova .

Ao comezo da representación saíu un presentador que nos dixo que tiñamos que imaxinarnos que estabamos cen anos máis atrás.

O primeiro persoaxe que saíu foi un cego que estaba nunha feira e que, cantando, contaba as novas que sucedían nos pobos dos arredores. Era un copleiro que cantaba acompañado dunha zanfona.

A continuación saíu o presentador tocando un violín e discutía en verso co cego, facendo frases que rimaban e resultaban graciosos: eran regueifas.

Tamén recordaron os tempos pasados, cando os mozos e as mozas facían as festas coas cantareiras que cantaban tocando o pandeiro, pandeiretas e latas grandes nas que viña o aceite. Namentres, outros mozos e mozas bailaban bailes populares como a muiñeira.

Os músicos colocáronse nun palco semellando que estaban nun campo dunha festa para tocar pezas musicais populares, das que se tocaban na saída da misa nos pobos o días de festa e pola noite, nas verbenas. Primeiro formaron un cuarteto e despois unha murga.

Os instrumentos que tocaron foron moitos e moi variados: gaita, bombo,tamboril, requinta, frautín, clarinete ,saxofón, acordeón, bombo con platillos, caixa.

Tamén asistiron a ver a obra nenos e nenas doutros colexios. Foi moi bonito porque os actores e músicos cantaron, bailaron e fixeron teatro ao mesmo tempo, representando situacións que ocurriron no pasado. Divertímonos moito e terminamos cantando todos cancións populares coma a "Rianxeira".

# Acollida dos nenos e nenas de 3 anos

Dámoslles a benvida aos nenos e nenas de 3 anos do Ceip. A Pedra de Bueu.



Nenos e nenas de 3 anos A



Neno e e nenas de 3 anos B

# Nenos e nenas de 5 anos co músico Rubén Bastón



Os nenos e nenas de educación infantil recibimos a visita de Rubén Bastón do grupo tradicional Retrouso, para amosarnos os instrumentos musicais típicos galegos. Pásamolo moi ben tocando os distintos instrumentos: cunchas, gaita, tamboril, pandeiro...Un día moi especial.



Un neno de 5 anos tocando o tamboril con Rubén Bastón

Aos nenos e nenas de 5 anos tamén lles gustou moito o día en que decidiron adornar o colexio para celebrar o nadal, fixeron moitos traballiños de plástica, pero o máis bonito de todos foi un anxiño moi colorido que colocaron na árbore de nadal, e así de festeira quedou a entrada do noso colexio.



Alumnos e alumnas do colexio na entrada do colexio

# Unión Europea, organización que debemos coñecer

*Reportaxe de Saray 6 º curso*

### *Formación da unión europea*

A Unión Europea está formada por un conxunto de Estados europeos que comparten unhas institucións e unha política social e económica.

### *Inicios da Unidade europea*

Os antecedentes da unidade europea atópanse en tres organismos económicos, a OECE, o Benelux e a CECA e un relacionado coa seguridade, a UEO.

### *A Comunidade Económica Europea*

Tralo éxito da CECA, en 1957, asinaron o Tratado de Roma, polo que se constituíun a Comunidade Económica Europea (CEE) e a Comunidade Europea da Enerxía Atómica (EURATOM).

A CEE tiña como obxectivo a instauración dun Mercado Común que tivera como base a libre circulación de mercancías, persoas, servicios e capitais. En 1986 producíuse a segunda ampliación da CEE coa incorporación de España e Portugal.

### *A UNIÓN EUROPEA*

En febreiro de 1992 asinouse en Maastricht o Tratado da Unión Europea, ou Tratado de Maastricht.

A partir daquí, a CEE cambiou o seu nome polo de Unión Europea (UE) e púxose en marcha a Unión monetaria e económica.

A adopción dunha moeda única, o euro (que entrou en circulación efectiva o día 1 de xaneiro do ano 2002).

En 1995 adheríronse á Unión: Austria, Finlandia e Suecia, o que converteu a Europa dos Doce na Europa dos Quince.

En outubro de 1997, os quince asinaron o tratado de Ámsterdam, que modificaba o de Maastricht.

O día 13 de decembro do 2002, os quince Estados membros acordaron a súa ampliación co ingreso de: Polonia, Estonia, Letonia, Lituania, Hungría, República Checa, Eslovaquia, Eslovenia, Malta e Chipre.

Ó mesmo tempo, asumiuse o compromiso de posibilitar para o ano 2007 unha ampliación con Bulgaria e Romanía. A candidatura de Turquía, está pendente da súa adaptación a un sistema democrático pleno.

### *As institucións europeas*

A toma de decisións da Unión Europea están nas institucións supranacionais.

**Comisión Europea**

Órgano executivo da Unión, ten a súa sede en Bruxelas. Esta composta por un presidente e por comisarios.

**O consello da Unión ou de Ministros**

Está composto polos ministros dos diferentes Estados membros. Ten a súa sede en Bruxelas

**Consello Europeo**

Nome que recibe as reunións celebradas polos xefes de goberno e de Estado, xunto cos ministros de exteriores de cada Estado e un membro da Comisión. .

**Parlamento**

Asamblea que ten a súa sede en Estrasburgo, o seu secretariado en Luxemburgo e as comisións de traballo, en Bruxelas. O Parlamento Europeo é un órgano de deliberación e control.

**Tribunal de xustiza**

Está composto por trece xuíces e seis avogados xerais. A súa misión consiste en garantir o cumprimento das leis, ..

**Tribunal de contas**

Garante a boa xestión do orzamento comunitario. Tén doce membros.

**Comités consultivos**

Son asembleas de carácter consultivo especializadas en determinados ámbitos. O Comité Económico e Social e o Comité das Rexións son dous dos máis importantes e teñen a súa sede en Bruxelas.




Estados membros da unión europea

# En plástica comunicámonos en francés e inglés

*Jenni, Rafa, María, Anxo, Lara, Pablo e Antonio. 6ºB*

### Oh, là, là!

Dende principio de curso, o alumnado de 6º empezou a expresarse dun xeito estraño: rouge, vert, bleu, crayon, papier, règle, oían os que pasaban polo corredor do 3º ciclo... Pero, que pasa?

A clase de plástica, comparada coa do ano pasado, é unha marabilla. Ademáis, co do francés é moita máis divertida, xa que aprendemos moito de cara ao instituto. A min gústame moito iso de facer cousas sobre Francia e sobre arte. . Ao principio do trimestre empezamos coa arte abstracta: Kandisky e Mondrian; seguimos coa Mona Lisa, unha postal xigante para felicitar o nadal, ... pero o mellor foi cando imitamos unha obra de Andy Warhol coa nosa propia foto!!!

# We celebrate peace together

Why destroy when we can create, keep the peace, forget the hate.

All races, all colours
under the sun, join
hands together and
have some fun.
No war, no violence and lots of silence.






# Polo Nadal, algo diferente

Paloma e María. 5º B

Como e habitual todos os anos no colexio A Pedra facemos obradoiros de Nadal .

Este ano fixemos estes obradoirosl: obradoiro narrativo ,obradoiro musical,obradoiro recreativo, obradoiro decoratibo.Estes obradoiros fixémolos coas profes Esther, Nuria , Goretti e Ana .So duraban cuarenta minutos.O que máis me gustu foi o de Ana porque era de decorar.

No obradoiro de música estaba a profesora Nuria. Ao chegar, xa empezamos nada máis e nada menos que con un vals. A partir do vals surxiu un xogo moi divertido. O xogo consistía en que a profe poñía música e nós tiñamos que bailar coa primeira persoa que nos atoparamos; se unha persoa quedaba sen parella, esta tiña que bailar cunha escoba. Cando a persoa que estaba bailando quixese tiraba a escoba ao chan, con forza, e nese momento, todo volvía empezar.

Despois de facer isto, bailamos *o mazariqueiro*, un baile moi curioso que poucos de nós coñeciamos. Aquí, tiñamos que facer unha roda, ir andando de esquerda a dereita, dar voltas, ...



Obradoiro musical

No obradoiro de lingua castelá estaba a profesora Esther, que nos dá castelán . Aquí tiñamos que, por grupos,ordmar un conto desordenado. As historias atopábanse no libro *Historias terroríficas*. Despois, tiñamos que, nunhas bólas de Nadal, pegar cada conto ordenado e adornalo.



Obradoiro narrativo

Coa profesora Goretti fixemos un divertido xogo de Nadal. Consistía en facer 2 grupos e, o primeiro, nun par de minutos, tiña que poñer toda a roupa de inverno que puidera. Despois, tiñamos que ir indo de un en un cun canguro e cunha prenda na man chegar ao último, que tiña que poñer toda a roupa posta polo primeiro para gañar o xogo.



Obradoiro dinámico

No último obradoiro, o de pintura, a profe Ana, dividiunos en grupos. Cada un tiña un pequena tarefa:

1º pintar os ocos das caixas de ovos e deixalos secar.

2º Poñerlles purpurina de cores para adornalos.

3º Cunha tanza, unir as caixas coidando que en cada tanza houbese 4 ou 5.

4º Xa temos unhas preciosas compás para adornar o colexio!

Ao rematar a actividade, todos, incluidos a profesora Ana, estabamos cheos de pintura e de purpurina!



# Educar a través de contos

Unha forma amena, de inculcar normas e valores aos nenos e nenas é por medio de contos. Por iso, dende o Departamento de Orientación ofrécese-vos nesta edición e nas vindeiras, contos que traballan éstes aspectos.

## APRENDER A CONVIVIR

### A HISTORIA DO MAGO D"

Cascarrabias era un neno de 8 anos a quen non lle gustaba ir ao colexio. Todas as mañás, os seus pais tiñan que poñerse pesados para que fora á escola. A cada cousa que lle mandaban, Cascarrabias respondía: E por que teño que facelo? Os seus papás esforzábanse por darlle razóns: "Porque se vas ao colexio aprenderás cousas e non serás un burro", "Porque se non lavas os dentes vanche caer a pedazos", "Porque ...". Cascarrabias non se daba por vencido e seguía preguntando: "E por que non vou ser un burro?" , "Por que non vou ter os dentes manchados?", .... Ao final, os pais terminábanlle dicindo: ". Tes que ir ao colexio porque é o teu deber."

Cascarrabias chegou á conclusión de que o deber era o culpable de todos os seus males, porque sempre que o mencionaban os seus pais era para obrigarlo a facer algo desagradable. Así que decidiu declararse en folga de deberes. Eu non quero que haxa deberes - dixo unha mañá. Non penso facelos nunca.

E así seguiu un día e outro. Cascarrabias era moi terco, enfurruñábase e non facía o que lle dicían. Nin ameazas, nin castigos, nin agasallos parecían convecelo. Como última solución, os seus pais decidiron pedir axuda ao Mago D de quen oiran falar a outros pais en apuros. Unha tarde dixeéronlle a Cascarrabias: "Non che gustaría ir ver un espectáculo de maxia?". Como aquilo non era un deber,

Cascarrabias decidiu ir. O Mago vivía nunha casa moi alta e moi rara, metade de pedra e metade de árbore. O mago D decepcionuno ao principio. Era un home moi delgado e alto cunhas entes moi grandes. Mentres os seus pais curioseaban, Cascarrabias e o mago sentábanse nunha rondeeira que había nun recuncho. - Así que, amiguiño, gustaríache vivir nun mundo onde non houbese ningún deber que facer ,

Cascarrabias afirmou coa cabeza.

- Ten que ser estupendo vivir sen ter ningunha obriga, continuou o mago - sen que ninguén veña a dicirche: debes estudar, debes dar as grazas...

- Ten que ser guai...

- A sesión de maxia de hoxe consiste en dar un paseiño por ese mundo, Gustaríache ver como é? — SIIIIIIII!

- Ímonos torrar! - berraron os nenos asustados. Menos mal que nese momento apareceu o mago D e cun só movemento de mans conseguiu que as mangueiras se desenrolaran como se fosen grandes serpes e empezaron a loitar contra o lume cos seus potentes chorros de auga. Unha vez apagado o incendio

Cascarrabias saíu correndo, desexando chegar á súa casa e estar a salvo. Por sorte, estaba cerca. Entrou e viu ao seu pai e á súa nai-




Cascarrabias pechou os ollos e atopouse de súpeto nun gran salón, cheo de nenos e xoguetes. Estaban pasándoo ben, cando dixo: "Cheira a queimado". En efecto, había moito fume, pero oíron a serea do coche de bombeiros e respiraron tranquilos. Os bombeiros detivéronse, pero en vez de empezar a botar auga coas mangueiras, sacaron un balón e puxéronse a xogar. Os nenos vían que as chamas ían subindo polos muros e comezaron a gritar pedindo axuda. Por fin, un deles escoitounos e achegouse:

- Que queredes?

- Tendes que apagar o lume! Ímonos queimar!

- ¡Que pesados sodes! Non vedes que estamos xogando? Non nos apetece ir pasar calor.

- Pero sodes bombeiros, é o voso deber.

- Iso será no voso país. Aquí ninguén ten ningún deber, por iso vivimos tan contentos, pasamos a vida xogando, durmindo ou sen facer nada.

vendo a televisión.

- Menos mal que estou aquí! Que hai para cear?

- Nós xa ceamos -dixo a súa nai- non teño ganas de facerche a cea, así que faina ti ou vai durmir.

A Cascarrabias estrañoulle moito aquela resposta da súa nai que sempre estaba moreándoo con que tiña que comer. Ceou o que atopou na neveira e foi durmir.

Á mañá seguinte espertouno a súa nai dicindolle: " Queres ir ao cole ou prefires quedar na cama?"



Cascarrabias, estrañado, preguntoulle á súa nai:

-Entón non debo ir ao colexio?

- Non, neste mundo onde nos trouxo o mago ninguén ten ningún deber. Ti non tes por que ir ao colexio nin eu teño por que facerche o almorzo, nin a comida. Que ben imos vivir todos! Cascarrabias apenas puido durmir e levantouse, a comer algo. A súa nai lía tranquilamente un libro sentada nun sillón. Oíuna dicir: iPor fin vou poder estar toda a mañá tranquila! Sen pasar o ferro, nin guisar, nin limpar a casa. A medio mañá, Cascarrabias estaba tan aburrido que decidiu ir ao colexio. Moitos días ía só, porque só tiña que cruzar a rúa e había sempre un garda de tráfico que cortaba a circulación para permitir que pasase. Pero ese día ... os coches ían pola beirarrúa, o garda vendía globos e os transeúntes subían ás árbores. Cascarrabias volveu á súa casa e esperou a hora de comer. De repente, a súa nai deixou de ler e dixo: - Vou comer. Teño ganas de ir as rebaixas.

- Mamá - xemiu Cascarrabias - é que nunca máis me vas facer a comida?

- Si meu rei, claro que cha farei. Pero só cando teña ganas de facela. É estupendo facer só o que a un lle dá a gana. A súa nai foise e

Cascarrabias quedou só. Ao pouco chegou o seu pai. Como estaba tan aburrido, pediulle que xogase con el. Comezaron a xogar.

- Papá, estás a facer trampas! Iso non se fai!

- Por que? Preguntou o pai. Estoume divertindo!

- Porque non se deben facer trampas!

-Por que? preguntou o pai.

- Porque entón non hai xogo - replicou

Cascarrabias- se cada un fai o que lle dá a gana, entón non se pode xogar. Hai que respectar as regras.



- Pois entón non xogo - dixo o pai-. Neste mundo ao que nos trouxo o mago pola túa culpa, non hai nin regras, nin obrigacións, nin deberes, nin nada. E o seu pai quedou xogando só. Cascarrabias pasou toda a tarde na súa habitación pensando no que lle sucedía. Cando viu a súa nai entrar na habitación moi alegre.

- Non sabes canto me divertín nas rebaixas! E ti pasáchelo ben? Que pensas facer mañá? Cascarrabias non sabía que contestarlle. Custoulle dicir que lle gustaría volver ao almorzo quentiño, e ao colexio a xogar cos amigos; tiña unha preocupación que o angustiara toda a tarde:

- Mamá, é que xa non me queres?

- Si, miña vida, como non te vou querer?

- Entón, por que non me fas as cousas que me facías antes?

— Mira, meu neno, aínda que queiras moito a unha persoa, hai cousas que che custa traballo facer. —Eu quérote moito pero cando veño do traballo cansa, preferiría ir descansar ao sillón en vez de ocuparme da túa merenda. Pero fágoo porque o cariño tamén ten os seus deberes.— Se ti me queres a min tamén debes facer aquelas cousas que sabes que me gustan, como estudar e ser obediente. - Eu nunca pensaría vivir noutro mundo, onde non tivese que ocuparme de ti.

-Fuches ti quen o elixiu.—Eu vivía moi feliz facéndoche o almorzo, axudándoche a facer os deberes ... E agora voume porque poñen na televisión un programa que nunca teño tempo de ver. Cascarrabias quedou só no seu cuarto con moitas ganas de chorar. Quería volver ao mundo de sempre; entón, apareceu o Mago D.

- Estás gozando moito coas sesións de maxia? Cascarrabias, choramicando, negou coa cabeza.

- Quero volver á miña casa de sempre- dixo.

- Como? Non che gusta isto de facer sempre o




que che da a gana? Preguntou o mago.

- Non, Mago, porque os demais tamén fan o que lles da a gana e todas as cousas funcionan mal.

- E entón, que facemos? Prefires volver ao colexio, lavar os dentes e todas esas teimas? Cascarrabias afirmou coa cabeza.

- Seguro, seguro? Cascarrabias volveu afirmar en silencio.

- Entón, pecha os ollos. Cando abriu os ollos, Cascarrabias atopouse no taller do mago. Os pais, collidos da man estaban mirando unha estraña enredadeira chea de flores. Cascarrabias foi correndo ata eles.

- Gustouche? preguntoulle o seu pai. Cascarrabias non soubo que dicir. A experiencia fora emocionante, pero moi triste.

- Si - dixo sen moita convicción. Pero gustaríame ir a casa porque teño que facer os deberes.

- Non prefires que vaiamos ao cine? preguntou a súa nai. Teño moitas ganas de ver unha película. Cascarrabias sentiu un calafrío e dixo apresuradamente:"

" Non, non. Prefiro ir á casa."



**Yaiza:** Eu creo que é para tapar todo, son moi limpos.

**Mariña:** Vou falar das quenllas. Son moi antigas, máis que os dinosauros. Excítanse cos aparellos de metal, soan igual a un animal ferido.

**Anxo:** Cantos anos viven?

**Mariña:** Creo que 40 millóns de anos.

**Yaiza:** Non, preguntoche por un animal e non por a especie.

Quedamos en buscar a solución!

**Yolanda:** A min gústanme os golfiños, son moi sociables, parece que sempre están ledos. Viven en mandas e comunícanse por asubios. Son xoguetóns e adoitan nadar xunto aos barcos.Tamén existen en zoolóxicos como atracción.

**Carla:** E como é a pel?

**Yolanda:** Lisa e suave.

**Yaiza:** Vale Pedro.

**Pedro:** Eu pescudei sobre o ornitorrinco que é un animal extrañísimo e non só polo aspecto. Aínda que pon ovos, considérase un mamífero: unha vez que rompe o ovo ten que mamar para alimentarse.



**Carla:** Eso saeu en "Peneas y Ferb"

**Lara Patiño:** Non é por ofender Yaiza, pero vaia forma de facer calar.

**Yaiza:** Si ti estiveses aquí, seguro que te alporizabas máis; é bastante esgotador. Mellor que sigas ti un pouco.

**Lara Patiño:** Pois vale.



**Carla:** As cebras que habitan en África, bueno as que todos coñecemos. Eu o que non sabía era se son brancas con raias negras ou negras con raias brancas. Pois son negras con raias brancas e a barriga branca.

**Yaiza:** Como chegache a solución?

**Carla:** A resposta está en internet.

**Lara patiño:** Como mola!. (vendo as fotos).

**Manuel:** Cambiando aos réptiles. A cobra non ten patas, pero pode desplazarse rápidamente. Con ese movemento ondulado delas, pode chegar aos 13 km/h. Algunhas mesmo poden lanzarse dende as árbores, planear un chisco e chegar sans ó solo.

**Anxo:** A canto vai una persoa, profe? Andando podemos ter un ritmo de 6 ou 7 km/h.

**Rosa:** Eu tamén busquei información sobre as cobras; son longas, teñen escamas e mudan de pel deixando atrás unha única peza. Hai serpes mariñas e outras que ruben ás árbores. Tamén existen velenosas e moi velenosas.



**Sergio:** A min gústame o león. Son grandes e fortes e pesan de 150 a 240 kg. Viven na sábana de África. Viven en manda.

**Abel García:** Que animais pode cazar?

**Sergio:** De ata 550 kg.

**Laura:** Canto vive?

**Sergio:** 15 anos.

**Yaiza:** Eu creo que cazan as leoas.

**Varios:** E que fai o león?

**Agustín:** Creo qué é bastante vagoneta!

**Anxo:** A min o que me gusta son os cans. Os de raza mestiza son máis fortes e teñen menos enfermidades.

**Rubén:** Os lobos. Andan en manda para poder cazar mellor, cansan ás presas entre todos. Cando hai máis dun macho teñen una batalla e o perdedor ten que marchar a buscarse a vida. Só se reproduce o xefe cada dous anos.

**Abel García:** Creo que mellor falamos dos morcegos. Ese mamífero voador que soe de noite a cazar!

**Lara Patiño:** chuchan o sangue?

**Abel García:** Non, comen insectos.



**Agustín:** Algún morcego transformouse en vampiro?

**Abel García:** Eso é nas pelis.

**Lidia:** E viven en cobas, verdade?

**Abel Diz:** Eu vin un documental no que explicaban que se guiaban por una especie de sonar, emiten uns sons que rebotan e así saben onde están os obxectos

## Carta a directora

Sra. Directora:

No cole celebramos sempre a festa do Magosto, na que adoitamos facer xogos. Traemos sempre castañas, que os profes se encargan de asar, mais non sabiamos que este ano ía ser diferente.



Ese día, por mor do mal tempo, non puidemos facelo así e aplazouse. Nos acéptamolo, perpasaron os días e seguíamos esperando sen celebrar a festa.

Algúns da clase protestaron, mais aínda así confiamos nos profes.

Uns días despois conprobámos a desaparición das castañas e un cheiro sospeitoso invadiu o colexio.

¡ Os profes estábanas papando !

Iso por suposto enfadounos moitísimo e Pedro, da nosa clase, fixo unha pancarta que propoñía unha folga de traballo, todos firmamos e, despois do recreo, cando veu o profesor gritamos:

¡ Foolga ! ¡ Queremos Magosto ! ¡ Non hai castañas, non hai traballo !

Por suposto a folga non durou moito, o profesor atallouna deseguida. Os profesores decidiron que tiñamos razón e ao día seguinte, por fin, comemos castañas, e iso é o que importa. Non ? Yaiza 5ºA



# Alumnado viaxeiro

**OS NENOS DE 4°B aprenden viaxando:**

**Marcos** foi a Namibia e Alemania, de volta a clase contestounos algunhas preguntas.

A viaxe foi en coche ,-por qué países pasaches?

Saín de España e pasei por Francia , Suiza e chequei a Alemania.

-Qué diferencias notaches entre España e Alemania?



Alí as rúas estaban moi limpas e cando nevaba era moi bonito.

En Namibia—

qué foi o que máis che gustou? Ir de safari e ver animais en liberdade tan preto de min.

- Cantas horas foron a viaxe en avión? 24 horas, pero cambiei tres veces de avión.

Outro neno, **Pablo**, viaxou a Hungria e contounos :

-En que viaxache? En avión , autobús e metro .

-Canto tardache en chegar? Catro horas .

-Qué viche? Balnearios, iglesias e museos .

-Qué foi o que máis che gustou?A piscina de tobogáns, os balnearios e o barrio xudeo.

-Algún amigo, novo, de alí? Non , porque non entendía o que falaban.

## O alcalde entrega un premio de Aqualia a un alumno



Momento da entrega do premio de Aqualia a Miguel Ángel Martínez de 5°B

# Xornada de convivencia para o alumnado de PROA

Os do terceiro ciclo de Primaria que imos ao PROA faremos unha saída de convivencia ao colexio CEIP Carballal de Marín.

Antes de ir alí escribiremos unhas cartas nas que nos describiremos, explicaremos os nosos gustos, as nosas afecciónS,... ao mesmo tempo que eles nos envían as súas cartas a nós, para coñecernos un pouco antes de encontrarnos.

Unha vez alí faremos xogos e varias actividades de convivencia cos alumnos do Proa do CEIP Carballal. Para despedir o



día, tomaremos unha merenda á que nos invitarán os nosos novos amigos.

Xa no terceiro trimestre, serán eles os que nos fagan a visita a nós , e levaremos a cabo unha a xornada de convivencia no noso colexio, mostrarémoslles o noso centro e realizaremos diferentes actividades xuntos para rematar convidarémolos a unha merenda sorpresa feita por nós.

A convivir tamén se aprende.

Comezamos por adicarlle un acróstico empregando palabras que a todos nos gustan.

**C**onvivir
comp**A**ñerismo
ap**R**ender
**B**envidos
amiz**A**de
co**L**exio
**L**ibro
estudi**A**r
me**L**lorar

Alumnado de PROA

# CONSELLOS SAÚDABLES

Come sandía,
darache forzas para todo o día
Come melón
e disfrutarás un montón
Se ti eres bó
durarás ata ser un avó
( Yaiza Sa García 5° A)

Non só golichadas tragar
Senon sano comer
e deporte facer
( Helena Mendez, Antía Otero 6°A)

Xoga o voleibol
e che baixará o
colesterol
(Antonio, Anxo, Pablo 6° B)

Come san, fai deporte e deixa a cama para a noite (Rebeca, 6°B)



# Balón de ouro

*Alumnos de 5ºB*



O Balón de Ouro é un premio individual que desde 1956 outorga cada ano a revista especializada France Football ao mellor futbolista do fútbol europeo.

O francés Michel Platini é o único futbolista que foi distinguido co premio 3 veces de forma consecutiva, nos anos 1983, 1984 e 1985.

O xurado compono xornalistas europeos especializados revista. Na elección téñense en conta os méritos contraídos polos futbolistas ao longo de todo o ano. O nome do gañador revélase ao publicar o número de decembro da revista France Football, aparecendo na portada o gañador pousando co trofeo.

O premio foi creado en 1956 por Gabriel Hanot. Inicialmente só se votaba aos futbolistas europeos, pero desde 1995 ampliouse a todos os xogadores dos clubs europeos, independentemente da súa nacionalidade. Ese mesmo ano foille outorgado o Balón de Ouro Honorífico a Diego Maradona, quen nunca o recibira. Entre 1970 e 1994, a revista concedeu o premio ao mellor futbolista africano.

Dende o 2007, o trofeo entrégase ao mellor xogador do mundo, de calquera das ligas

# O C.E.I.P. A PEDRA PARTICIPA NA COMPETICIÓN DEPORTE NA ESCOLA

UNHA EXPERIENCIA MOI POSITIVA PARA O NOSO ALUMNADO.

Este ano por fin nos decidimos a participar no programa de deporte na escola na modalidade de "actividade polideportiva-cultural" e por ser este o primer ano e nos un pouco novatos so participamos cunha categoría, a categoría B, pero a experiencia foi todo un éxito ahí van as vivencias dalgúns nenos que participaron nas dúas xornadas



1º xornada: O pasado 11 de decembro fomos ó pavillón de Bueu ó programa de Deporte na Escola. Foi un día moi divertido, fixemos moitas cousas e todas entretidas gañamos, perdemos e tamén empatamos, fomos os máis completos. Había seis deportes: baloncesto, balonmán, bádminton, fútbol sala, voleibol e o xogo cultural. Eu participei en baloncesto, balonmán e o xogo cultural dos cales gañamos todos. Despois perdemos en voleibol e empatamos en fútbol sala. En bádminton os nosos representantes foron Noelia e Yeray que gañaron todos os seus respectivos partidos, un individual masculino, un individual femenino dous mixtos e un de dobres. Na miña opinión foi moi divertido e como di a nosa profe "xogamos, xogamos, xogamos e que ben nolo pasamos..." porque o importante non é gañar, senón participar. Pasamos unha boa mañá e o que máis nos gusta, iperdemos un día enteiro de clase! Espero que cando vos toque ir a vos o pasedes igual de ben ou mellor. (Lara Vidal Nogueira 6ºB)



deporte 2008 2009
na escola
actividade polideportiva - cultural

2º xornada: O día 27 de xaneiro fomos ao pavillón de Bueu a un torneo. Os nosos contrincantes eran os da "Colexio Virxen Milagrosa". Os dous primeiros partidos que xogamos foron balonmán no que gañamos con moita facilidade e bádminton no que os participantes foron Isaac e Lucía que non o tiñan tan fácil pero derono todo. Logo xogáronse voleibol e baloncesto, no primeiro gañamos por bastante así no primer tempo xogamos moi ben pero no segundo confiámonos moito e case perdemos. En baloncesto tamén gañamos porque tiñamos xogadores moi altos. Na última ronda foron fútbol sala e a proba cultural, en fútbol sala o porteiro que tiña o noso colexio era moi bo e na proba cultural, como non, gañamos o C.E.I.P. A Pedra e é que os meus compañeiros son moi listos. Por todo isto os da Virxen Milagrosa picáronse pero nos non lles fixemos caso.



(Abel Gómez Cabaleiro 6ºA).

# ENCRUCILLADOS

### CREBAPALABRAS DOS LUGARES E PARROQUIAS DE BUEU

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| P | E | F | L | R | U | A | | N | O | V | A | Z | O | | V | I | S | O | X | A | B | N |
| E | D | O | O | | E | N | L | E | I | T | O | | G | A | N | D | A | R | A | T | R | I |
| R | D | N | U | E | U | O | | B | E | L | O | S | O | R | S | F | G | O | | S | Y | V |
| M | O | T | R | B | O | N | | D | E | | A | B | A | I | X | O | C | D | R | A | A | A |
| E | C | E | E | | | S | A | B | A | R | I | G | O | O | | | | A | A | R | S | |
| L | E | | I | M | U | R | R | A | N | S | V | I | L | A | R | B | T | L | M | E | E | C |
| O | L | A | R | S | P | E | T | I | S | A | Z | P | E | N | A | U | O | A | O | H | J | O |
| T | A | L | O | V | B | E | L | U | S | O | H | E | T | V | H | R | T | V | R | A | Ñ | S |
| A | A | T | S | O | G | O | M | E | T | N | O | M | T | A | A | G | U | A | T | A | O | T |
| C | Z | A | | G | R | A | Ñ | A | | R | O | Z | A | X | R | O | O | O | A | C | S | I |
| H | I | U | B | O | N | | D | E | | A | R | R | I | B | A | L | S | A | S | D | U | Ñ |
| A | D | J | A | | C | A | R | R | A | S | Q | U | E | I | R | A | A | U | T | N | L | A |
| N | A | S | A | | C | I | V | I | D | A | N | E | S | A | B | A | R | I | G | O | E | V |
| | H | C | | E | A | S | | M | E | A | N | S | I | F | E | X | T | R | R | K | B | U |
| D | C | A | P | E | O | | O | U | T | E | I | R | O | | R | I | O | I | Y | I | E | E |
| E | A | B | O | A | | E | T | I | G | R | E | X | A | R | I | O | F | N | R | O | E | R |
| | | A | R | N | N | A | C | A | S | T | R | E | L | O | T | U | Q | W | E | R | D | T |
| P | A | L | T | T | O | A | | C | A | B | R | E | I | R | A | A | S | F | H | K | L | O |
| I | M | O | E | E | R | I | P | A | R | A | D | E | L | A | Z | X | C | I | V | A | B | R |
| Ñ | E | A | L | P | T | S | O | U | T | E | L | O | S | A | N | | A | M | E | D | I | O |
| E | I | | A | A | E | A | | C | A | R | R | A | S | Q | U | E | I | R | A | F | A | S |
| I | R | R | E | Z | A | | C | A | N | C | E | L | I | Ñ | A | N | C | A | E | B | R | U |
| R | O | O | C | O | S | T | A | | D | E | | F | I | G | U | E | I | R | O | N | P | O |
| O | | S | X | E | X | I | D | E | A | S | | C | A | S | T | I | Ñ | A | N | S | E | D |
| A | D | A | S | U | O | P | F | O | T | U | O | S | | O | V | A | C | H | E | N | G | A |

- **BELUSO** – RUA NOVA - SAN AMEDIO – SAR – VILAR - CHAN DE PIÑEIRO - COSTA DE FIGUEIRON – MONTEMO GOS - PRAIA DE BELUSO – A ROZA - BON DE ABAIXO - BON DE ARRIBA – O CABALO – A ACHADIZA
- **BUEU** – A CANCELIÑA – A CARRASQUEIRA – A CIVIDÁ – O ENLEITO – A GRAÑA – LOUREIRO – AS MEÁNS – MEIRO – O NORTE – O OUTEI RO – PETIS – A PORTELA – ERMELO – A RAMORTA – SOUTELO – TRASOUTO – O VALADO – O VISO – XEXIDE
- **CELA** – ANTEPAZO – O BELOSO – O BURGO – A CABREIRA – AS CASTIÑANS – CASTRELO – A COSTIÑA – FONTE ALTA – GÁNDARA – IGREXARIO – MURRANS – PARADELA – A PENA – POUSADA – O RIO – SABARIGO – O SOUTO

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| P | A | Z | G | H | R | Y | Q | W | E | R | T |
| Y | M | U | I | O | E | A | S | D | B | G | H |
| J | O | K | L | Ñ | E | M | O | C | I | O | N |
| Z | R | C | V | B | N | N | M | Q | B | E | R |
| T | Y | U | I | O | C | P | A | S | L | F | G |
| H | J | K | L | C | O | L | E | X | I | O | N |
| M | M | N | B | V | N | P | C | X | O | Ñ | L |
| K | J | H | G | F | T | D | S | A | T | O | I |
| U | P | A | P | I | R | U | S | Y | E | R | E |
| W | Q | Y | H | B | O | T | G | V | C | F | C |
| E | D | X | W | S | Z | Q | A | O | A | P | Ñ |
| A | M | I | Z | A | D | E | I | K | H | U | J |

## XEROGLÍFICOS













AMIZADE
PAZ
PAPIRUS
REENCONTRO
AMOR
EMOCIÓN
BIBLIOTECA
COLEXIO

Pedro Meira 5ºA

## En que mes entra o aninovo en China?

*Yi Zhang.*

En China, o aninovo é o día 25 de xaneiro, pero só este ano, porque cada ano cambia.

En total hai 12 animais: rato, boi, tigre, coello, dragón, serpe, cabalo, cabra, mono, galo, can e porco.

En China hai moitos costumes por aninovo; por ejemplo: o día 24 de decembro, a xente mata galos, porcos, ... para celebrar un día especial de budas. Na cociña da xente sempre hai unha figura de buda. Din que Buda vixía as casas para dicirlle ao emperador dos budas onde están os demais budas para cando teñan que volver ao ceo. Por iso a xente limpa ben os recunchos da casa para que Buda non diga nada malo.

O último día do ano, todos teñen que estar na casa para cear xuntos, e ás doce, hai



fogos artificiais e moita xente vai disfrazada de dragón para quitar a mala sorte e empezar ben o ano.

Nos tres primeiros días, todos usan roupa nova e non se pode comer carne, só verdura e té.

O 2 de xaneiro, as mulleres casadas volven á casa pero só ese día por que senon troerían mala sorte ás súas familias.

O día 3 de xaneiro é cando casan os ratos; se esa noite se poñen gorros no chan, seguro que che tran cousas para comer.

Despois diso, o 6 de xaneiro, cómese unha cousa chamada "tan wung" para acabar o festival e a xente empeza a traballar.

## RESPOSTAS A PREGUNTAS QUE NUNCA TE FIXECHES

## Valentín é o patrón dos namorados?

No ano 268 d. c., o emperador romano Claudio II mandou prohibir os casamentos, pois cría que os homes casados pensaban demasiado nas súas amadas mulleres e resultaban malos soldados. Maila isto, o padre Valentín continuaba a casar os noivos. Foi detido, encarcerado e despois decapitado.

Moito antes do padre Valentín xa existía en Roma unha festa dedicada aos namorados. Pero pode ser que a súa orixe sexa aínda máis antiga; se cadra nos vén da simple observación da natureza: mediados de febreiro disque é o momento no que comeza o cortexo dos paxaros.



## VIDA SANA






Anuncios elaborados por André ,Abel e Yi, 6ºA e 6ºB, respectivamente

Se queres saber máis consulta o libro:

" Todas as respostas as preguntas que nunca te fixeches"

Editorial Kalandraka